



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2017/G003/000318

RESOLUCIÓN

ASUNTO: DESESTIMIENTO CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE:2017/G003/000318

ANTECEDENTES:

Visto o expediente de contratación da obra MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE PONTECESO: PRAIA DE BALARÉS, HERMIDA, OSMO E RUTA PRG, cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014/2020, así como os informes de Intervención e de Secretaría que figuran no expediente.

Considerando que a oferta máis ventaxosa segundo a proposta da Mesa de Contratación do 02.10.2017 é a de SYR-AMG, SLU, por un importe de 53.988,95 € (IVE engadido), tras considerar a OBRAS Y VIALES CERNE, SL en baixa temeraria, non xustificada suficientemente a criterio da Mesa, adjudicouse o contrato por resolución de alcaldía do 11.10.2017, núm. 436/2017 para a súa execución polo prazo dun mes.

Esta alcaldía solicitou prórroga á administración subvencionante, xa que non era posible rematar a obra, cos prazos ofertados no prazo establecido pola mesma, que era menor que o sinalado pola mellor oferta, e denegárona. Polo que entende que politicamente, tal e coma está a situación económica do Concello non é posible levar a cabo a obra con fondos propios sen que finalmente sexa concedida a subvención solicitada. Tendo en conta ademais os escasos prazos que se concederon entre a concesión da subvención e a execución-xustificación declarouse o procedemento aberto de urxencia, non sendo suficientes os prazos da administración subvencionante para cumprir coa normativa contractual, motivo polo que tampouco foi posible encargar a redacción do proxecto.

Vista Resolución de Alcaldía de avocación de competencias da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta, que segundo o art. 155 do TRLCSP en relación ao 1 e concordantes da mesma norma, sobre as posibilidades de desestimento dun procedemento de contratación baseadas en razóns de interese público, así coma que a obra carece do proxecto, e é máis garantista para todos os presentados que se desista do procedemento iniciado, sen prexuízo de que nun futuro, se cambian as condicións que serven de xustificación a este acordo se poda volver a iniciar un procedemento de contratación.

En función do establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/85, do 2 de abril, pola que se regulan as



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2017/G003/000318

bases do réxime local, o artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público en materia de contratación e a Resolución de Alcaldía do 16.07.2015 , pola que se delegan as competencias de contratación de Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro.- Desistir do expediente de contratación tramitado MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE PONTECESO: PRAIA DE BALARÉS, HERMIDA, OSMO E RUTA PRG- mediante procedemento de contratación aberto, único criterio de adxudicación, factor prezo, carácter urgente.

Segundo.- Notificar aos licitadores presentados.

Terceiro.- Desistir da subvención concedida.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.